

Acta correspondente á sesión do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a cobertura laboral temporal, con carácter interino por substitución, de dúas prazas de monitor socorrista para o Lalín Arena no Concello de Lalín, relativo ao establecemento de criterios para a valoración da proba práctica.

Na Casa do Concello de Lalín, ás 9:00 horas do día 19 de febreiro de 2024, e de conformidade có disposto nas bases que rexen este proceso selectivo, constitúese a Comisión Seleccionadora.

ASISTENTES:

Presidente: Julio Couto Méijome

Secretario: Román Pérez García

Vogais: Francisco Guerra García

Martín Iglesias Varela

María Pérez Seoane

O obxecto da presente declaración é:

PRIMEIRO.- Darse por enterados da comunicación realizada o 19/02/2024, polo Servizo Municipal de Persoal e Emprego, relativa á incorporación, por alta médica, dun dos traballadores titulares da praza de monitor deportivo obxecto da presente convocatoria, polo que o proceso selectivo modifícase no referente ás prazas convocadas, pasando de dúas a **unha praza de monitor socorrista**.

SEGUNDO.- O establecemento dos criterios para a valoración proba práctica, segundo o seguinte baremo:

- Execución Técnica na natación, máximo 10 puntos.
- Execución Técnica no rescate, máximo 10 puntos.
- Tempo invertido en percorrer 25 mts., máximo 10 puntos.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, asinan a presente acta, en proba de conformidade, respecto da cal, na miña condición de secretario do tribunal, dou fe.

